

OBRADOIRO DE XOGOS POPULARES

FUNDAMENTACIÓN:

Os xogos e deportes culturais existen en todo o mundo e hai xogos apropiados para nenos e nenas, adultos e vellos e vellas. As persoas xogamos a calquera idade, a todos nos gusta pasar o lecer en compañía dos amigos dedicados a calquera divertimento. Pero o xogo ten unha importancia que vai máis alá do noso propio interese: o beneficio. No ano 2005 a UNESCO considerou nun informe preliminar a conveniencia dunha Carta Internacional dos Xogos e Deportes Tradicionais. Esta organización consideraba que o xogo é un dereito que todas as persoas teñen, no só de cativos senón ao longo de toda a vida. Ademais de o considerar como un dereito, a Carta subliña a importancia social do xogo. En primeiro lugar os xogos e deportes populares son unha parte máis da cultura dun pobo, un dos símbolos da súa identidade, porque os xogos cambian dunha cultura a outra.

A cultura dunha sociedade comprende unha ampla cantidade de elementos: a lingua, a ideoloxía, o seu sistema de valores, o código social de conduta, as crenzas, xa sexan mitos, tabús ou crenzas relixiosas, e tamén a tecnoloxía que emprega. Esa cultura crea varias manifestacións externas como a arte, a arquitectura, os modos de vestir, a alimentación, rituais ...

Tradicionalmente, a aprendizaxe dos valores culturais nos rapaces facíase en tres ámbitos diferentes. En primeiro lugar, a familia era o lugar onde se aprendían as cuestións máis básicas: a lingua, as relacións cos demais, escalas de valores, normas de comportamento etc. A escola complementaba e reforzaba as cousas aprendidas na casa: aprendíase a ler, escribir, facer contas...

Un terceiro ámbito onde os rapaces aprenden os valores culturais é no xogo. Xogando aprenden as normas sociais, a se relacionar cos demais, prepáranse para ser parte da sociedade e da cultura á que pertencen. A transmisión oral dos xogos duns nenos aos outros permitiu que chegasen ata os nosos días xogos verdadeiramente vellos como as tabas ou chucas. Moitos destes xogos vellos, no decurso do tempo, tamén se transmitiron entre culturas.

En resumo, o xogo é asemade unha parte da cultura e un vehículo fundamental para a súa transmisión.

Na actualidade as formas e xogar dos nenos e nenas está cambiando e os xogos populares teñen unha presenza moito menor que en tempos pasados. Varias son as razóns de tal situación:

1. A primeira é a transformación da sociedade galega dende ser maioritariamente rural a ser en boa medida urbana. Nas cidades , os lugares apropiados para o xogo non son moi abondosos. A urbanización salvaxe que se deu, e se dá, en todas elas non deixa moito lugar para que as persoas paseen ou os nenos e nenas xoguen. Os espazos abertos son xardíns nos que a área utilizable para o xogo só é unha fracción do total, ou prazas feitas de cemento. Non hai moito material aproveitable para os xogos dos rapaces agás o que eles mesmos leven da casa.

2. O reparto do tempo de lecer cambiou tamén porque o tempo de xogo dos nenos e nenas diminúe. Hai deberes que facer ao saír da escola e cando terminan as clases oficiais os nenos van a actividades de varios tipos que poden incluír deportes, pero nunca deportes tradicionais.

3. O cambio tecnolóxico trouxo con el a televisión, aparello que veu consumir outro anaco do tempo de xogar dos nenos, ás veces a meirande parte. Por suposto que hai cousas interesantes para ver nela, pero, como en todo, o abuso non é bo.

4. A súa contorna envíalles mensaxes que non invitan á práctica de xogos ou deportes tradicionais. Na televisión non se lles presta atención. E é ben sabido que o que non sae na tele é porque non existe ou porque non vale un can.

5. A mellora do nivel económico xeral do país, aínda que completamente desexable, trouxo novos problemas para os xogos tradicionais. Hai cartos para lles regalaren aos nenos e nenas moitos xoguetes polo que non necesitan botar man da imaxinación, da súa habilidade e dos materiais que teñen á man para conseguilos, xa veñen feitos.

OBXECTIVOS:

Por todo isto, o Equipo de Normalización Lingüística do CEIP, e a mestra de Pedagogía Terapéutica de Centieiras, decidiu pór en marcha este obradoiro de xogos tradicionais, que ten dous obxectivos claros:

- Difundir os xogos e as cantigas tradicionais entre os propios nenos e nenas, fomentando o aprecio e o respecto polas nosas tradicións culturais, poñéndoas en valor.
- Fomentar a lingua oral dende a Educación infantil co fin de acadar un obxectivo básico na educación obrigatoria: adquirir unha boa competencia lingüística nas dúas linguas.
- Observar a través do xogo para avaliar a conduta dos nenos e nenas, para procurar accións preventivas que faciliten un desenvolvemento harmónico do neno/a.
- Establecer unha clima de confianza entre a mestra de Pedagogía terapéutica e os nenos e nenas.

XOGOS:

XOGOS DE RIFAR:

Pelo gato, vintecatros,
Unha, dúas, tres e catros.

Brasa, brasa,
Cada un
Para súa casa.

Nun café rífase un gato
A quen lle toque o número catros:
Un, dous, tres e catros.

Sabeliña, pequeniña,
A de ouro, a de prata,
Rei de mouros,
cabalo sen patas,
Na horta de M^aInés
Corre ti
Que che toca esta vez.

Paco, repaco,
Camisa cagada
Foi á cociña
Coller a pescada,
A pescada estaba fría
E Paco de cagarría

RODAS:

A roda da alcachofa

A roda da alcachofa
Vintecinco por unha mota
Damos un saltiño
E arremuíño.

Andando, andando:

Andando, andando, andando,
Andando sen parar,
Conto ata 1 e volvo comezar.
Correndo, correndo, correndo,
Correndo sen parar,
Conto ata 2 e volvo comezar.
Saltando, saltando, saltando,
Saltando sen parar,
Conto ata 3 e volvo comezar.

Dengue-dengue:

O cura de Caranza
Güí, güí, güí,
Caeu no pozo,
Dengue, dengue, dengue;
Caeu no pozo,
Litón, litón, litón, litón.
Collérono entre catro
Güi, güí, güí,
Polo pescozo, ...

Miguel

Miguel, Miguel, Miguel,
Dá tres voltas do dereito.
Miguel, Miguel, Miguel,
Dá tres voltas do revés
(volta do lado contrario)

Un, dous, tres. (sen virar, sáltase cos pés xuntos adiante, ou ben bótanse os pés adiante alternativamente).

O pavo

O pavo paviño pavo
O pavo paviño, si,
O pavo paviño pavo
O paviño xa está aquí.
¡Unha!

A roda da pataca

A roda da pataca
Que bonita é:
Un pé,
Outro pé,
Unha man,
Outra man,
Un cóbado,
Outro cóbado,
O nariz
E o gorro.

As abelliñas de San Miguel.

As abelliñas de San Miguel,
Andan todas arredor do mel,
E do mel e de melú,
Que se vire De cu.

A zapatilla por detrás.

A zapatilla por detrás,
Tris, tras,
Aquel que mire para atrás,
Tris, tras,
Unha boa azouta ha de levar,
Tris, tras,
Se miras para arriba,
Hanche caer rosquillas

Se miras para abaixo
Hache caer o refaixo
A durmir, a durmir,
Que os reis van vir
(Os da roda preguntan)
Mamá, a que hora veñen os reis?
(É o de fóra di, por exemplo)
Ás tres.

Cibrán

Ai, Cibrán, a quén lle pos o pano,
Ai, Cibrán, quén irá tras de ti.
Ai,, a quen lle pos o pano,
Ai,, quen irá tras de ti.

Tris-tras.

Tris-tras, quen está?
O neno que veu de Angola
Con un sorriso na boca
Dicíndolle a todos ola.

Perdín o meu mandil, perdín o meu mandil
E mailas trenzas del Mari Pepa,
E mailas trenzas del.
Manoliño tráeme outra
Manoliño tráeme outra
Que eu darei conta del, Mari Pepa
Que eu darei conta del.

Media volta

Vou de roda en roda,
Vou de flor en flor,
Vou de brazo dado
Vou co meu amor.
Dade media volta,
Dade si señor,
Dade outra media cambiade de amor.

Un paso para adiante,
Un paso para atrás
Date media volta
Queda como estás:
Date media volta
Date a volta enteira
Vai buscando amor
Rapaza solteira.

XOGOS DE XESTOS:

Redonda, redondiña,
Como a queres,
Grande ou pequeniña?.

A lancha de Beceiro.

Pon, pon, pon.
A lancha de Beceiro.
Pon, pon, pon
Virou patas arriba
Pon, pon, pon
Cargada de carbón
Pon, pon, pon
Na ría de Ferrol.

Os dedos.

O maimiño, o maimiño,
onde está?
Aquí estou.
Imos saudando, imos saudando,
xa me vou, xa me vou.
O seu sobriño, o seu sobriño, onde está?....
O pai de todos, o pai de todos....
O furabolos,
O matapiollos, ...
A familia...

Pasa Perico, Pasa Monteiro

Pasa Perico, pasa Monteiro
Polas portas dos carabineiros;
O de diante corre moito
E o de atrás aí quedará
Quen será?

Cos dedos das mans

Cos dedos das mans
Coas dedas dos pés
Co fociño e as orellas
Suman todos vintetrés.
Cabezón o que non ...

Quen foi roubar?

Quen foi roubar a casa de San Xoán?
..... foi roubar a casa de San Xoán?
Quen eu?
Si ti!!
Eu non fun.
Entón quen foi?

Paseemos polo bosque.

Paseemos polo bosque,
Mentres o lobo non vén.
Lobo estás?
Estou poñendo....

O señor da serra.

O señor da serra ten unha serriña(bis)
Pro lindo fillo que é serrador (bis)
Para serra-la madeira a serriña (bis)
Pro lindo fillo que é serrador(bis)

TEMPORALIZACIÓN.

As sesións de xogos realizaranse un día á semana con cada grupo de Educación Infantil, cunha duración aproximada de 30 minutos.

AVALIACIÓN.

A avaliación foi continua durante todo o proceso, e aínda que pensamos que a experiencia foi positiva, unha crítica construtiva da mesma, inclínanos a revisar cara ao ano que ven as seguintes cuestións:

- As sesións deberán ser como mínimo de 45 minutos para realizar unha xa coñecida e outra nova, como mínimo, en cada sesión.
- Nas clases moi numerosas poderemos valorar contar con alumnos e alumnas dos ciclos superiores, para dinamizar os recreos cos cales aproveitaremos así mesmo para traballar a lingua oral.

BIBLIOGRAFÍA:

- Chirlosmirlos. Antón Cortizas. Ed. Xerais.
- Os xogos populares en Galicia. Paco Veiga. Edicións Xerais.
- Técnicas e xogos cooperativos para todas as idades. Xesús R. Jares. Edicións Xerais.
- Pelo Gato vintecatros. Asociación de Gaiteiros Galegos. PAI.
- Para cantar e bailar. Luis Prego.
- Patatín, patatán. Mamá Cabra.
- Así, como o asesoramento de Ánxela Loureiro en relación tanto aos xogos a escoller, como na súa posta en escea.

ANEXO 1: EXEMPLO DUNHA SESIÓN.

Exemplo dunha sesión. Primeira sesión dunha clase de 5 anos.

A que xogamos?

Comezamos sempre botando sortes, para saber por onde empezamos, o primeiro día rifo eu, sempre a mesma rifa ata que a aprendan, logo xa rifo eu e a quen lle toque rifa ela para comezar.

Botar sortes:

Sabeliña, pequeniña
a de ouro, a de prata,
rei de mouros,
cabalo sen patas,
na horta de María Inés,
dálle ti,
que che toca esta vez.

Xogo de presentación: Pícame.

Cada persoa ten que dicir o seu nome e a continuación un lugar onde lle pica: "Eu son Ana e pícame o cu". A continuación o seguinte ten que dicir como se chamaba o anterior e onde lle picaba.

Obxectivo: aprender os nomes, presentación e distensión.

Xogo popular:

Paseemos polo bosque,
Mentres o lobo non vén.
Lobo estás?
Estou poñendo os pantalóns.

Paseemos polo bosque,
Mentres o lobo non vén.
Lobo estás?
Estou poñendo a camisa.

Paseemos polo bosque,
Mentres o lobo non vén.
Lobo estás?
Estou poñendo

Paseemos polo bosque,
Mentres o lobo non vén.
Lobo estás?
Aí vou.

